



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Contido do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto de Repotenciación do Parque Eólico Cabo Vilano (Camariñas, A Coruña), promovido por Parque Eólico Cabo Vilano, S.L., clave 2012/0035,

EXPÓN:

1. Que o proxecto podería afectar, en maior ou menor medida:
 - a. A tres especies incluídas na categoría de *En perigo de extinción* do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (*Euphorbia uliginosa*, *Omphalodes littoralis gallaecica* e *Uria aalge*) e outras tres catalogadas como *Vulnerables* (*Phalacrocorax aristotelis*, *Rissa tridactyla* e *Circus pygargus*).
 - b. A dous hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea: 6220 Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do orden Thero-Brachypodietea e 2150 Dunas fixas descalcificadas atlánticas (Calluno-Ulicetea).
2. Que malia a forte redución do número de aeroxeneradores na zona (de 22 a 2) o forte incremento do diámetro dos rotores (de 20 a 90 m) conlevaría un aumento dun 84% na superficie total barrida polos rotores (que pasaría de 6911 m² a 12723 m²), polo que é esperable unha maior afección sobre a fauna de aves e quirópteros.

SOLICITA:

1. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre:
 - a. Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE) e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/43/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico.
 - b. Hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudie alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
2. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre TODAS as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva 92/43/CEE, no *Catálogo Español de Especies Amenazadas* (Real Decreto 139/2011) e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) presentes na zona e contemple a adaptación do proxecto para evitalas totalmente no caso de especies de interese comunitario e/ou en perigo de extinción, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/43/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto de parque eólico, ou para mitígalas no caso das restantes especies catalogadas. Ademais, no caso de especies catalogadas como vulnerables ou en perigo de extinción, o EIA debería:
 - a. Adaptar o trazado dos viais e emprazamento dos aeroxeneradores para evitar afeccións á flora.
 - b. Avaliar alternativas para minimizar a mortandade de anfibios, réptiles e micromamíferos nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxears, pasos canadienses, etc.



- c. Avaliar alternativas para minimizar a mortandade de aves e morcegos por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital. Ao respecto, o EIA debería analizar os datos dispoñibles de mortandade de aves e morcegos contra os aeroxeneradores existentes para determinar se algún(s) emprazamento(s) son máis perxudiciais para ditas especies e telo en conta na decisión de ubicación dos novos aeroxeneradores.
 - d. Contemplan a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Que o Estudio de Impacto Ambiental avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxearas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 31 de maio de 2012